

ACTA N 2020/2
SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA
23.01.2020

ÍNDICE DE PUNTOS

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.....	2
PUNTO SEGUNDO.- LICENZA PARA DIVISIÓN DE LOCAIS E AGRUPACIÓN.....	2
PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE OBRA.....	3
PUNTO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO LOTE 4 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS POS 2019.....	10
PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE DEPORTES, POS 2019.....	12
PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DO SISTEMA DE VIDEOACTAS E DO SERVIZO DE HOSTING E ALMACENAMENTO EN SERVIDOR EXTERNO DO CONCELLO DE AMES.....	13

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2020.

Na Casa Consistorial de Ames, sendo as once horas e trinta minutos (11:30 h) do día vinte e tres (23) de xaneiro de dous mil vinte (2020), reúnese a Xunta de Goberno local deste Concello en sesión ordinaria de primeira convocatoria, baixo a Presidencia do alcalde, José M. Miñones Conde e coa asistencia dos/as tenentes de alcalde David Santomil Mosquera, José Blas García Piñeiro, Genma Otero Uhía, Luísa Feijóo Montero, Ana Belén Paz García e Natividad González Rodríguez.

Asiste a interventora, Margarita Fernández Sobrino.

Actúa de secretaria a titular da corporación, Rosa Ana Prada Queipo.

PUNTO PRIMEIRO. ACTAS ANTERIORES.

O señor presidente pregunta aos asistentes se teñen algunha alegación que formular á acta da sesión anterior, **ordinaria do 16.01.2020**, que foi distribuída con anterioridade, en cumprimento do establecido no artigo 91.1 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2568/1986 de 28 de novembro (ROF).

Non formulándose alegacións polos asistentes, a Presidencia declara aprobada a acta, por unanimidade dos membros presentes da Xunta de Goberno Local.

PUNTO SEGUNDO.- LICENZA PARA DIVISIÓN DE LOCAIS E AGRUPACIÓN.

Expediente: 2018/U018/000023

Dáse conta da solicitude presentada por



Figura proxecto de división subscrito polo arquitecto Fernando Arteaga Ros (COAM 12.045), datado en novembro de 2018.

Figuran ademais entre outros documentos, escrituras de propiedade.

Descrición das parcelas aportadas:

Parcela

Linderos: frente, sistema viario interior del Polígono (vial I), derecha, (entrando), local comercial número de su misma planta del portal número 2, izquierda, portal número 1 y local comercial número "36" de su misma planta y portal, Fondo, local comercial número "2" de su misma planta y portal.

Título: Le pertenece a por adjudicación por escisión parcial de sociedad y constitución, en virtud de la escritura otorgada el día treinta de junio del año dos mil diez ante el notario de Ames Manuel María Romero Neira, protocolo número 599.

Parcelación proposta:

O proxecto prevé, sobre o local número 35 dividir unha parte de 31,13 m2 de superficie e proceder a súa agrupación ao local número 36, dando como resultado dous locais coas descricións que posteriormente se indica.

Non se garante que todos os usos ou actividades sexan posibles nos locais resultantes da parcelación autorizada aínda que cumpre cos mínimos xerais reflectidos do proxecto técnico.

Será necesario a tramitación correspondente para execución dos elementos construtivos que supoñan separación física entre locais.

Figuran abonadas taxas por expedición de licenza urbanística por importe de 129,14 euros, conforme a tarifa 1 da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de licenzas urbanísticas, segundo o seguinte detalle:

División de parte do local N° 35 e agrupación ao local colindante N° 36	
Actividade municipal que se axuste ao feito imponible	
Importe total abonado conforme tarifa 1(*)	129,14 € (64,57 € x 2)
Importe que correspondería abonar conforme tarifa 12	64,57 €
Importe abonado en exceso	64,57 €


(*) No presente caso, non se trata da división dunha “parcela” urbanística á que se refire a tarifa 1, pois non se trata de segregación de parcelas urbanas (unidade de solo), senón que se trata da división de finca coma unidade de edificación, concretamente de locais (ex. Art. 26 do Real Decreto lexislativo 7/2015, polo que apróbase o Texto refundido da Lei do Solo) polo que se entende que a tarifa 12 é a axeitada para o caso en cuestión.

Para a devolución do importe abonado en exceso, de ser procedente, con carácter previo, deberá solicitar a rectificación da autoliquidación, segundo o formulario de solicitude de rectificación que, a tal efecto, se lle achegue.

Figuran informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Á vista dos informes favorables, técnico e xurídico obrantes no expediente, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Autorizar a



segundo o proxecto de división subscrito polo arquitecto Fernando Arteaga Ros (COAM 12.045), datado en novembro de 2018, e o informe subscrito pola arquitecta municipal, dando lugar aos **dous locais de resultado** seguintes:

Locais de resultado	Superficie útil(*) m ²	Fronte a dominio público	Uso
Local 35 (resultante)	44,10 m ²		Local comercial sen especificar
Local 36 (resultante)	142,43 m ²		

(*) Estas superficies útiles correspóndense co grafiado no documento técnico, non obstante, será necesario solicitar licenza de obra para a execución dos elementos construtivos que supoñan separación física entre locais e tanto a verdadeira execución destas divisións coma as obras de acondicionamento posteriores poden supor unha superficie útil en detrimento da prevista.

Segundo.- Formalizar ante o Catastro Inmobiliario a declaración conducente á incorporación no mesmo da modificación do inmovible derivada da actuación para a que se outorga a presente licenza.

Terceiro.- Notificar aos interesados co réxime de recursos que proceda ao tratarse dun acto que pon fin á vía administrativa, e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Cuarto.- Facultar ao alcalde de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO TERCEIRO. LICENZAS DE OBRA.

1.Expediente: 2019/U022/000006

Dáse conta da solicitude de licenza de obra achegada por [REDACTED]

Figura no expediente proxecto básico e de execución de [REDACTED] redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo (colexiado 1248), visado do 13.02.2019.

Figura informe e autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, informe IF205D 2019/000092-1.

-Cualificación urbanística do solo polo PXOM: Solo Urbano Zona 1.

-Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: Residencial: [REDACTED]

- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 6,50 m. Ocupación máxima 60%.

-Superficie construída total: 427,53 m2.

-Presuposto de execución material: 249.785,42 euros.

-Situación e emprazamento das obras: finca rexistral [REDACTED]

- Nome ou razón social do promotor: [REDACTED]

-Técnico autor do proxecto e director de obra: Esteban Canabal Antelo (colexiado 4034).

-Director/a de execución e coordinador/a de seguridade e saúde: Alejandro Ulla Rivas (COATIE 2653).

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 626,03 euros, segundo se detalla:

200,00 m ²	0,33 €/m ²	66,00 €
227,53 m ²	1,61 €/m ²	366,32 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
Instalación de tanques, depósitos de almacenamento de auga, piscinas, etc. así como outros depósitos de almacenamento de gas, petróleos, gasóleos e similares		64,57 €
TOTAL TAXAS		626,03 €
TAXAS ABOADAS (25/02/2019)		561,46 €
TAXAS ABOADAS (29/04/2019)		64,57 €
TOTAL TAXAS ABOADAS		626,03 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED]

[REDACTED], segundo o proxecto redactado polo arquitecto Esteban Canabal Antelo (colexiado 4034), visado do 13.02.2019.

Segundo.- A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das condicións:

- As establecidas no informe e autorización da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia (informe IF205D 2019/000092-1).

-As sinaladas pola arquitecta municipal:

1. Establécese un aval a achegar antes do inicio das obras como garante da reposición dos danos na vía pública e correcta execución do fronte, por importe de 2.000 euros.
2. Conectará cos servizos urbanos (non conectarán pluviais coas fecais) e reporá o deteriorado, no seu caso.
3. O proxecto non prevé ningunha actuación sobre a vía á que da fronte, calquera afección, incluída alteracións na sinalización, eventuais solicitudes de vado ou ocupación de dominio público (camión para descarga de materiais na rúa, por exemplo) obterá a autorización correspondente do titular da vía.
4. Aportarán antes do inicio das obras plano de emprazamento xeorreferenciado en formato dwg, dxf ou compatible.
5. Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.
6. Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
7. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
8. Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
9. Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

-As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

10. Os condutores de camións e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro, antes de acceder á vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
11. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente licenza de obra.

Terceiro- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Cuarto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de catro mil novecentos noventa e cinco euros con setenta e un céntimos (4.995,71 euros), de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: 249.785,42 euros.

Liquidación provisoria (2%): 4.995,71 euros.

Quinto.- Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sexto.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

2. Expediente 2018/U022/000020

Dáse conta da solicitude de licenza de obra achegada por



Figura no expediente proxecto básico e de execución de [redacted] de data xullo 2.018, visado do 10.08.2018, redactado polo arquitecto Javier Amenedo Ansede (colexiado 1734). Figura achega posterior de plano que incorpora peche con data 02.07.2019.

Figuran ademais as pertinentes autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia (AXI), para execución de acceso (informe: IF205D 2019/000043-1); para construción de edificación (informe: IF205H

2019/000023-1; para peche diáfano (informe :IF205H 2019/000027-1).

-Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación: Solo de Núcleo Rural Disperso.

-Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: [REDACTED]

- Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 30 %.

-Presuposto de execución material total: 133.990,57 euros (128.262,00 euros + 5.728,57 euros do peche).

-Superficie construída: 239,66 m2.

-Situación e emprazamento das obras: [REDACTED]

-Nome ou razón social dos promotores: Begoña Villar Suárez NIF 76411918-F e Edelmiro M. Fernández Parada NIF 52459550-T.

-Técnico autor do proxecto e director de obra: Francisco Javier Amenedo Ansede arquitecto (colexiado 1734).

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 345,69 euros, segundo se detalla:

200,00 m ²	0,33 €/m ²	66,00 €
93,51 m ²	1,61 €/m ²	150,55 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
Taxas total vivenda		345,69 €
TAXAS ABOADAS (10/05/2018)		258,99 €
TAXAS ABOADAS (02/10/2019)		86,70 €
TOTAL TAXAS ABOADAS		345,69 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED]

[REDACTED] segundo o proxecto redactado polo arquitecto Francisco Javier Amenedo Ansede (colexiado 1734), visado do 10.08.2018 .

Segundo.- Autorizar a segregación a efectos do cumprimento da obriga de cesión do artigo 24.2 LSG, dunha superficie total de 98,50 m², cesión que deberá formalizarse en documento público que se achegará, cando mais, con carácter previo á obtención da licenza de primeira ocupación.

No momento de efectuar a devandita cesión para a regularización do viario público, a parcela deberá atoparse libre de cargas e gravames incompatibles co referido destino do espazo de cesión, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello mentres non se cumpra o anterior.

Terceiro.- A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións :

- As establecidas nas autorizacións da Axencia Galega de Infraestruturas da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia (AXI): execución de acceso (informe: IF205D 2019/000043-1); construción de edificación (informe: IF205H 2019/000023-1; peche diáfano (informe :IF205H 2019/000027-1).

-As sinaladas pola arquitecta municipal:

1.Establécese un aval a achegar antes do inicio das obras como garante da reposición e acondicionamento dos danos na vía e nos servizos, por importe de 4.300 euros.

2.Antes do inicio da obras deberá documentar o acondicionamento da superficie de cesión, así coma aportar os oficios visados de dirección de obra, de dirección de execución e de coordinación de seguridade e saúde.

3.Aportará o plano visado de emprazamento modificado entregado o 2-7-2.019 (cumprindo con recuamento que impón a AXI de 15 metros polo regulamento de estradas e calquera outras modificacións consecuencia deste recuamento sobre o proxecto de execución, a lo menos o plano E5 (sección estrutural), que garante así mellor integración no terreo e coa previsión da cesión á cota da estrada, e distribución en planta baixa na que situará rocho independente no garaxe pola normativa de habitabilidade.

4.Cumprirá cos condicionantes das autorizacións da AXI para o peche

5.Conectará cos servizos existentes, coidando no saneamento non acometer coas augas pluviais á rede de fecais, e do vertido de pluviais. Reporan todos os elementos que se deterioren polas obras e acondicionarán a conexión e ampliación de vía eliminando todos os elementos distintos do solo; no seu caso, tamén postes e deixando a superficie de cesión á rasante da vía coa colocación de remate dun pavimento suficientemente estable e de baixo mantemento en relación ao entorno.

6.Non alterarán a rasante natural do terreo nos lindes da parcela.

7.Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello . O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.

8.Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.

9.Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.

10.Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.

11.Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

-As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

12.Os condutores de camiões e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.

13.Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a licenza de obra 2018/U022/000020.

Cuarto.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Quinto.-Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de dous mil seiscentos setenta e nove euros con oitenta e un céntimos de euro (2.679,81 euros), de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: 133.990,57euros.

Liquidación provisoria (2%): 2.679,81 euros.

Sexto.- Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

3. Expediente: 2019/U022/000017

Dáse conta da solicitude de licenza de obra achegada por [REDACTED]

Figura no expediente proxecto básico de [REDACTED] redactado polo arquitecto Jose Ángel Santos Ferro, arquitecto colexiado 1.248, visado do 11.04.2019.

-Cualificación do solo polo PXOM: núcleo rural disperso.

-Finalidade da actuación e uso ó que se destinará: [REDACTED]

-Altura, volumes e ocupación da parcela permitidos: altura máxima 7 m. Ocupación máxima 30 %.

-Superficie construída : [REDACTED]

- Presuposto de execución material: 142.120,00 euros.

- Situación e emprazamento das obras: [REDACTED]

-Nome ou razón social dos promotores: Iria Rivas Hermo NIF 44816002-L e Jorge Lueiro de Jesús NIF 44814538-G.

-Técnico autor do proxecto e director de obra: José Ángel Santos Ferro (colexiado 1248).

Figuran abonadas taxas pola expedición de licenzas urbanísticas, por importe de 703,90 euros, segundo se detalla:

200,00 m ²	0,33 €/m ²	66,00 €
316,00 m ²	1,61 €/m ²	508,76 €
Expedición e subministro do cartel de obra		129,14 €
Taxas total vivenda		703,90 €
TOTAL TAXAS ABOADAS		703,90 €

Figuran no expediente informes favorables da arquitecta municipal e da asesora xurídica de urbanismo.

Vistos os informes técnico e xurídico favorables obrantes no expediente, que propoñen a concesión da licenza solicitada, a Xunta de Goberno local, por unanimidade dos seus membros presentes, e previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Conceder, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiro, licenza de obra a [REDACTED]

[REDACTED] segundo o proxecto redactado polo arquitecto José Ángel Santos Ferro (colexiado 1248), visado do 11.04.2019 .

Segundo.- Autorizar a segregación a efectos do cumprimento do deber de cesión das persoas propietarias do artigo 24.2 LSG, dunha superficie total de 90,00 m², cesión que deberá formalizarse en documento público que se achegará, cando mais, con carácter previo á obtención da licenza de primeira ocupación.

No momento de efectuar a devandita cesión para a regularización do viario público, a parcela

deberá atoparse libre de cargas e gravames incompatibles co referido destino do espazo de cesión, non procedendo a aceptación da cesión polo Concello mentres non se cumpra o anterior.

Terceiro.- A eficacia da licenza concedida quedará supeditada ao cumprimento das seguintes condicións:

- As sinaladas pola arquitecta municipal:

1. Establécese un aval a achegar antes do inicio das obras como garante da reposición e acondicionamento de danos na vía e nos servizos 4.300 euros.
2. Antes do inicio das obras deberá aportar proxecto de execución visado completo que acredite cumprimento do DB-HE (% de auga quente sanitaria de enerxías renovables) estudio de seguridade e saúde, xeotécnico, cualificación enerxética de proxecto e acondicionamento da superficie de cesión, así coma oficios visados de dirección de execución e de coordinación de seguridade e saúde.
3. Conectará cos servizos existentes, coidando no saneamento non acometer coas augas pluviais á rede de fecais, e do vertido de pluviais pola disposición dun correcto drenaxe na propia finca xunto coa previsión de soterramento e entubado coa canle suficiente para permitir o paso da auga de escorrenta na superficie de cesión (entubado de cuneta). Reporán todos os elementos que se deterioreen polas obras e acondicionarán a conexión e ampliación de vía eliminando todos os elementos distintos do solo; no seu caso, tamén postes e deixando a superficie de cesión á rasante da vía coa colocación de remate dun pavimento suficientemente estable e de baixo mantemento (formigón sobre a cuneta entubada ou similar) en relación ao entorno.
4. Non alterarán a rasante natural do terreo nos lindes da parcela.
5. Se o director da obra deixase de actuar nela, poñerá en coñecemento do Concello. O propietario está obrigado a nomear e comunicar por escrito ao Concello novo facultativo director da obra.
6. Disporase, a pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto.
7. Durante a execución da obra adoptaranse tódalas medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública. Escombros e provisións de materiais non poderán amorrarse na vía pública. O entullo levarase a vertedoiro autorizado, de acordo coa normativa.
8. Ao remate das obras o propietario porá en coñecemento do Concello co certificado final de obra visado e asinado polos técnicos directores da obra. Non se concederá alta definitiva nos servizos municipais mentres non se teña obtido a pertinente licenza de primeira ocupación.
9. Colocarase o cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior.

-As sinaladas pola asesora xurídica de urbanismo:

10. Deberá achegarse cuestionario de estatística.
11. Os condutores de camiós e os responsables das obras deberán coidar de que as rodas dos mesmos estean limpas de barro antes de acceder a vía pública, así como que a citada vía quede limpa.
12. Instarase no Catastro Inmobiliario o procedemento de incorporación que corresponda pola modificación do inmovible derivada da actuación para a que se concede a presente licenza de obra.

Cuarto.- A licenza caducará por mor da demora na iniciación e finalización das obras, así como por mor da súa interrupción; sendo o prazo máximo de iniciación de (6) seis meses e o de terminación de (3) tres anos dende a data do seu outorgamento e non poderá interromperse por un período superior a (6) seis meses.

Quinto.- Aprobar a liquidación provisional do imposto sobre construcións, instalacións e obras, que ascende á cantidade de dous mil oitocentos corenta e dous euros con corenta céntimos de euro (2.842,40 euros) de acordo co seguinte detalle:

Orzamento EM segundo o proxecto: 142.120,00 euros.

Liquidación provisoria (2%): 2.842,40 euros.

Sexto.- - Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Sétimo.- Facultar ao alcalde do Concello de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO CUARTO.- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUIRIMENTO DE PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN DO LOTE 4 DAS OBRAS DE PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E VIAIS MUNICIPAIS POS 2019.

LOTE 4: PAVIMENTACIÓN ACCESO A CEMITERIO MUNICIPAL.

Expediente: 2019/C003/000010

A Xunta de Goberno local do 01.08.2019, aprobou o expediente de contratación, mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cun único criterio de adjudicación (prezo), dos contratos de obras de pavimentación de camiños e viais municipais, incluídas no POS 2019, 8 lotes, convocando a súa licitación. Dentro deses 8 lotes atópase o lote 4, de pavimentación acceso a cemiterio municipal.

A Mesa de Contratación na súa reunión do 03.10.2019 procede a apertura de ofertas e acordou solicitar á empresa incurso en baixa temeraria, [REDACTED] documentación xustificativa da súa baixa.

A empresa presentou a documentación solicitada a través da plataforma de contratación do sector público; a técnica municipal, María Gamundi Fernández, informou desfavorablemente a súa xustificación presentada.

A Mesa de Contratación, na súa reunión do 08.01.2020, á vista do informe emitido pola técnica municipal acordou trasladarlle ao órgano de contratación a proposta de exclusión do procedemento de licitación da empresa [REDACTED], por non xustificar a súa oferta económica, que estaba considerada como anormalmente baixa, formulando proposta de clasificación por orde decrecente das empresas admitidas no procedemento.

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Excluir do procedemento de licitación de pavimentación accesos a cemiterio municipal, lote 4 das obras de pavimentación do POS 2019, á empresa [REDACTED] por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como anormalmente baixa.

Segundo.- Clasificar por orde decrecente de puntuación ás empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento, coa seguinte orde:

EMPRESA	OFERTA ECONÓMICA IVE INCLUÍDO	PUNTOS
[REDACTED]	24.971,96 €	98,23
[REDACTED]	25.276,45 €	95,96
[REDACTED]	25.313,67 €	95,69
[REDACTED]	25.493,49 €	94,35
[REDACTED]	26.378,00 €	87,74
[REDACTED]	26.988,39 €	83,20
[REDACTED]	27.059,44 €	82,67
[REDACTED]	27.254,58 €	81,20
[REDACTED]	27.951,00 €	76,01
[REDACTED]	28.301,00 €	73,41

correspondentes ao 5% do prezo de adxudicación excluído o imposto sobre o valor engadido.

Documento xustificativo, de ser o caso, de reembolso ao concello do importe dos anuncios de licitación. O adxudicatario deberá aboar ao concello en concepto de reembolso dos gastos de publicacións dos anuncios de licitación de acordo co estipulado no artigo 75 do Real Decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos do Sector Público.

f) Acreditación de dispor efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometera a dedicar ou adscribir á execución do contrato segundo o establecido no PCAP.

A acreditación poderá realizarse:

Medios persoais:

- Títulos académicos e profesionais do empresario e, en particular, do responsable ou responsables das obras
- Número de traballadores que especifique se son fixos ou temporais ou calquera outra modalidade, acreditándose mediante os correspondentes contratos ou os TC

Medios materiais:

Poderanse acreditar mediante os correspondentes contratos de adquisición, arrendamento con ou sen opción de compra, arrendamento financeiro ou leasing, ou no seu caso mediante facturas ou documentos onde se concreten as subcontratacións.

- De igual modo poderá acreditarse mediante certificación de que os citados medios (que deberán describirse de forma individual indicando marca, modelo e data de adquisición) forman parte do inventario da empresa ou entidade adxudicataria.
- Así mesmo poderase acreditar mediante certificación de inscrición no correspondente rexistro de empresas acreditadas ou equivalente.
- No entanto poderase acreditar por calquera outro medio de proba que demostre de maneira irrefutable a titularidade ou dispoñibilidade destes medios materiais para a obra obxecto do presente contrato.

Non será necesario acreditar a efectiva disposición dos medios persoais e materiais establecidos no anexo V no caso de que o contratista proposto como adxudicatario dispoña da clasificación establecida no apartado 8 do anexo I do presente prego.

De non presentarse a citada documentación no prazo conferido non se poderá proceder a adxudicación do contrato ao licitador clasificado en primeiro lugar.

Noveno.-Dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Décimo.- Facultar ao alcalde de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO QUINTO.- ADXUDICACIÓN DO LOTE 1 DO EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DAS OBRAS DE DEPORTES, POS 2019. LOTE 1 REHABILITACIÓN DA ÁREA DEPORTIVA DE BERTAMIRÁNS.

Expediente: 2019/C003/000003.

A Xunta de Goberno Local de 29.08.2019 aprobou o expediente de licitación mediante procedemento aberto simplificado, tramitación ordinaria, cun único criterio de adxudicación (prezo), do contrato de obras de Rehabilitación Área Deportiva de Bertamirás (Lote 1) e Vestiarios campo de fútbol de Bertamirás (Lote 2), incluídas no POS 2019, convocando a súa licitación.

A Xunta de Goberno Local de 14.11.2019 aprobou a clasificación por orde decrecente de puntuación, das empresas participantes na licitación declaradas admitidas no procedemento de licitación do lote 1, rehabilitación área deportiva de Bertamirás, resultando clasificada en primeiro lugar [REDACTED].

Na mesma sesión aprobou a exclusión do procedemento da empresa [REDACTED] por non xustificar a súa oferta económica que estaba considerada como anormalmente baixa.

A empresa clasificada en primeiro lugar, foi requirida para a presentación de documentación previa á adxudicación, e a mesma foi achegada en prazo ao través da Plataforma de contratación.

A Mesa de contratación na súa reunión do 05.12.2019, valorou positivamente a documentación presentada, propoñendo a [REDACTED], para a adxudicación do lote 1.

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (Informe 12/2020).

Por todo o exposto, a Xunta de Goberno Local, previa delegación do alcalde (decreto 1776/2019), por unanimidade dos seus membros presentes adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar a realización das obras do lote 1 das obras de deportes do POS 2019, denominado rehabilitación área deportiva Bertamiráns, á empresa [REDACTED] e nas seguintes condicións:

A.- O importe da oferta do dito licitador ascende á contía de setenta e tres mil oitocentos corenta e seis euros (73.846,00 euros).

B.- IVE repercutible: A contía do IVE repercutible ao tipo do 21% ascende á contía de quince mil cincocentos sete euros e sesenta e seis céntimos (15.507,66.- euros)

C.- Duración do contrato: A duración inicial do contrato será de 2 Meses, a partir do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación do replanteo, salvo que exista reserva fundada que impida o seu comenzo. O contrato só se prorrogará cando concorran as circunstancias e requisitos esixidos pola lexislación vixente.

D- Contratar a unha traballadora desempregada a media xornada durante toda a execución da obra para cumprir coa condición especial contemplada nos PCAP.

E.- Nomear como dirección facultativa da obra á empresa [REDACTED] redactora do proxecto e como coordinador de seguridade e saúde ao arquitecto técnico Marcos Pose Andrade.

F.- Representante do órgano xestor: Marta Bellas Rodríguez, arquitecta do departamento de urbanismo do Concello, que actuará como representante do órgano xestor e dará conformidade ás certificacións de obra e acudirá ás recepcións das obras actuando por delegación expresa da Intervención municipal (base 36 de execución do orzamento municipal e Acordo do Consello de Ministros de 20 de xullo de 2018).

G.- Resto de condicións: O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos pregos de cláusulas administrativas particulares polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Segundo.- Comunicar ó Rexistro de Contratos do Sector Público para a súa inscrición os datos básicos do contrato adxudicado. Tamén será publicado na Plataforma de contratación do Estado

Terceiro. Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Cuarto. Facultar ao alcalde de Ames para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SERVIZO DE MANTEMENTO E SOPORTE DO SISTEMA DE VIDEOACTAS E DO SERVIZO DE HOSTING E ALMACENAMENTO EN SERVIDOR EXTERNO DO CONCELLO DE AMES.

Expediente : 2019/C004/000015

A Xunta de Goberno local do 31.10.2019, aprobou o expediente de licitación, mediante procedemento negociado sen publicidade previa e suxeito a tramitación anticipada, do servizo de mantemento e soporte do sistema de vídeo acta e do servizo de hosting e almacenamento en servidor externo, do Concello de Ames, convocando a súa licitación.

A Xunta de Goberno local do 28.11.2019 aprobou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para a adxudicación do expediente de licitación.

O devandito acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, presentando este en prazo a documentación requirida, ao través da Plataforma de Contratos do sector público.

A Mesa de Contratación no expediente, reúnese o 09.01.2020 valorando positivamente a documentación achegada, proponendo a adxudicación á [REDACTED]

Figura no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe 9/2020).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, previa delegación da Alcaldía (decreto 1776/2019), adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- Adxudicar o contrato do servizo de Mantemento e soporte do sistema de videoactas e do servizo de hosting e almacenamento en servidor externo do Concello de Ames á empresa [REDACTED] coas seguintes características:

Oferta económica:

Importe totalidade do contrato	IVE	Total
16.248,54 €	3.412,19 €	19.660,73 €

Desglose da oferta económica:

Oferta económica ANUAL do Servizo de Soporte, mantemento e backups (4 anos)	IVE	Total oferta
1.947,50 €	408,98 €	2.356,48 €

Oferta económica ANUAL do Servizo de Instalación e migración CPD (1 ano)	IVE	Total oferta
1.198,52 €	251,69 €	1.450,21 €

Oferta económica ANUAL do Servizo de Hosting (4 anos)	IVE	Total oferta
1.515,00 €	381,15 €	2.196,15 €

Anualidades:

Ano	Importe	IVE	Importe Total
2020	4.961,02 €	1.041,81 €	6.002,84 €

2021	3.762,50 €	790,13 €	4.552,63 €
2022	3.762,50 €	790,13 €	4.552,63 €
2023	3.762,50 €	790,13 €	4.552,63 €
Total	16.248,52 €	3.412,20 €	19.660,73 €

Así como no resto das condicións establecidas no prego e na oferta presentada pola empresa licitadora.

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas polas empresas adxudicatarias, así como o resto das características e condicións establecidas no prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Segundo.- Duración do contrato.

A duración inicial do contrato será de CATRO ANOS, sen posibilidade de prórrogas.

A prestación do servizo iniciárase ao día seguinte da sinatura do contrato.

O prazo para a posta en funcionamento do servizo de hosting será de 1 mes dende a sinatura do contrato.

Si ao vencemento deste contrato non se ten formalizado un novo contrato que garante a continuidade da prestación a desenvolver polo contratista, como consecuencia de incidencias resultantes de acontecementos imprevisibles para o órgano de contratación, producidas polo procedemento de adxudicación e existen razóns de interese público para non interromper a prestación, o contrato prorrogárase ata que comece a execución do novo contrato e, en todo caso, por un período máximo de nove meses.

Terceiro.- Resto de condicións

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- Notificar aos interesados e dar traslado aos departamentos municipais afectados.

Quinto. Facultar ao alcalde de Ames, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás doce horas, estendéndose a presente acta que asina o señor presidente, do que certifico.

O alcalde

José M. Miñones Conde

A secretaria

Rosa Ana Prada Queipo